

A MIÑA EXPERIENCIA CON AMIGAS ESTRANXEIRAS

Este ano vou facer un intercambio a Alemaña en abril, pero estas nenas xa viñeron no mes de setembro a Lugo e vou vos contar a miña experiencia coas miñas amigas alemás.

A maior diferenza que notei foi a súa silenciosidade, elas cando falan fanno cun tó de voz moi baixiño e sutil. Outro aspecto distinto do que me decatei foi o puntuais que son, a pequena que acollía eu contoume que se levantava as seis e media xa que entraba as oito menos cuarto no instituto e non quería chegar tarde.

Algo que me sorprendeu moito foi o formal que era, eu que non estou moi acostumada a dar a mau para saudar entendín que este xesto era moi típico de alí. En xeral esta experiencia axudoume a coñecer costumes novas das miñas e a crear amizades fora da miña zona de confort, en conclusión foi unha semana moi interesante e enriquecedora tanto para min coma para miña familia, e espero que tamé para ela.